



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
4747/2019	A Xunta de Goberno Local

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 16 de decembro de 2019 se adoptou, fóra da Orde do Día, o seguinte acordo:

FÓRA DA ORDE DO DÍA: Expediente 4747/2019. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO NAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E EMPADROAMENTO A TRAVÉS DA FIGURA "BABY BOX"

Vista a proposta da Concelleira delegada de Benestar Social de data 12/12/2019, para proceder á corrección do apartado "PRAZO DE SOLICITUDE" das Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas municipais para o fomento da natalidade e empadramento a través da figura "Baby Box", por causa de existencia dun erro que contradí o apartado "BENEFICIARIOS".

Visto que na nomeada proposta xustifícase a urxencia do devandito asunto para ser incluído fóra da Orde do Día desta sesión, na necesidade de dar publicación da corrección do erro para emendar o prazo de solicitude e dar un prazo adecuado antes de finalizar o ano a determinados beneficiarios.

A continuación, sométese a urxencia a votación, aprobándose por unanimidade, procedendo de seguido a tratar o obxecto da nomeada proposta:

Vistas as Bases reguladoras da Convocatoria para a concesión de axudas municipais para actividade de fomento da natalidade e empadramento a través da figura da "Baby Box", aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 25/11/2019.

Visto que no apartado BENEFICIARIOS di:

"Terá dereito a recibila calquera familia que empadroe o seu fillo recién nacido no concello da Estrada dentro dos tres meses seguintes ao seu nacemento.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3MVE5EYCRSD6TMPSF9FZZYWH | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Esta medida está destinada a aquelas familias, nais ou pais, que inscriban o seu fillo/filla sempre que nacesse ou fose adoptado ou acollido dende o período de xuño de 2019 ata decembro de 2019.”

Visto que no apartado PRAZO DE SOLICITUDE di:

“Para recibir a caixa regalo do Concello da Estrada é necesario que sexa solicitado polo interesado dentro de tres meses seguintes ao nacemento. Exceptúanse deste requisito os nados nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2019 que poderán solicitala ata o 30 de novembro de 2019.”

Visto que os anteriores apartados contradícense no seu contido.

Visto que o expediente de contratación a data de 12/12/2019 aínda se atopa en tramitación.

Visto que o prazo para solicitar estas axudas por parte dalgúns beneficiarios xa estaba vencido cando se publicaron as bases o 10 de decembro de 2019.

Visto a proximidade da finalización do ano en curso.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar a corrección do apartado PRAZO DE SOLICITUDE das Bases reguladoras da Convocatoria para a concesión de axudas municipais para actividade de fomento da natalidade e empadramento a través da figura da “Baby Box”, de xeito que

ONDE DI:

“Exceptúanse deste requisito os nados nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2019 que poderán solicitala ata o 30 de novembro de 2019.”

DEBE DICIR:

“Exceptúanse deste requisito os nados nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro de 2019 que poderán solicitala dende a súa publicación na web do concello ata finalizar o ano “

Segundo.- Ordenar a publicación das Bases corrixidas na páxina web do Concello.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e Pr. do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3MYE5EYCRSD6T6PMSF9FZZYWH | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2